

# ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2021/10	O Pleno

## DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	28 de setembro de 2021
<b>Duración</b>	Desde as 20:00 ata as 22:00 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
<b>Secretario</b>	MINIA ASTRAY BARCA

## ASISTENCIA Á SESIÓN

<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SÍ
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ



33253117Q	JUANA LAGO PROL	SÍ
78793193T	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	SÍ
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SÍ
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SÍ
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Aprobación da acta da sesión anterior

\_\_\_\_\_

Sométense para a súa aprobación as actas seguintes:

Sesión extraordinaria do 15.07.2021

Sesión ordinaria do 29.07.2021.

Procédese a votación conxuntamente quedando aprobadas as anteditas actas por unanimidade.

#### Expediente 415/2021. Peche e Liquidación do Orzamento

#### DEBATE

Da comenzo o debate deste punto cunha breve explicación do Sr. alcalde da proposta de aprobación da Conta Xeral do Concello do ano 2020,



enumerando os datos mais salientables da mesma.

Toma a palabra a Sra. Molinos Vidal, voceira do grupo municipal do Partido Popular para agradecer, en primeiro lugar, a todos os traballadores do Concello tanto de Intervención coma dos demais departamentos que participaron na elaboración da Conta Xeral 2020, o traballo feito para formar este expediente.

En canto a Conta en sí, sinala que solo pode decir que son as contas e os resultados do grupo de goberno e son eses polos que terán que responder ante os veciños de Outes que son os verdadeiros destinatarios da xestión que vostedes fagan da economía municipal.

O que sí temos que pedirilles é que xestionen os cartos dos outenses con responsabilidade e prudencia, porque aínda que para o anos 20 e 21 se suspenderon as regras fiscais, ese dous conceptos, a responsabilidade e a prudencia, siguen vixentes e era bo que vostedes os seguiran.

Recórdarlles tamén que quedan tres meses para finalizar o ano e o grupo de goberno aínda non foi quen de confeccionar o Orzamento 21, que debería ter xa entrado en vigor no comenzo do ano para poder levar unha xestión económica ordeada e estruturada. O Orzamento anual é o documento económico mais importante polo que se rixe un concello e ademais do estado de gastos e ingresos tamén debe reflexar a realidade económica e social do municipio, de ahí a importancia de traballar cun documento actualizado sen que sexa preciso acudir a constantes modificacións de crédito con que parchear o feito de que os créditos prorrogados non cadren coa realidade actual do Concello.

Remata a súa intervención sinalando que semella que estar sen orzamento tanto lles ten, e non vemos que se poñan a traballar para conseguir normalizar este tema e cumprir co principio de anualidade que debería caracterizar a todo Orzamento Municipal. A estas alturas xa non esperamos que haxa un orzamento para o 2021 e temémonos que visto o pouco movemento que hai pola súa parte tampouco están traballando no do 2022, gustaríanos que se puxesen as pilas e que traballasen polos veciños de Outes como é debido e como lle require o feito de estar sentado nesa butaca.

De seguido toma a palabra a Sra. Suárez Castro, voceira do grupo municipal do BNG, para sinalar en síntese, que unha vez se demostra que os traballadores do Concello cumpren co seu traballo, pero non se pode decir o mesmo do goberno municipal. Continua a súa intervención indicando que falta planificación, non hai un plan económico e, polo tanto, non se lle da resposta as necesidades reais do Concello. Este goberno só sabe recurrir ao remanente, pero non hai excusa para non cumprir coas



súas obrigas.

Seguidamente toma a palabra o Sr. Caamaño Lestón, voceiro do PSG-PSOE para sinalar que estas son as contas do grupo de goberno e que espera que os vecinos tomen boa nota.

### **VOTACION**

Rematado o debate procédese a votación, reflectindo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 5 CxO

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 8 (5 PP, 2 BNG, 1 PSOE).

Polo tanto, queda aprobado o seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2020, comprendida pola Conta Xeral do propio Concello.

**SEGUNDO.** Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización dos órganos de control externo, Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Cuentas, segundo establece o artigo 212.3 RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

## **Expediente 624/2021. Subvencións Solicitadas a Outra Administración**

### **DEBATE**

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar sucintamente a proposta, indicando que o proxecto que xa estaba incluído no POS complementario, aínda que nese momento tamén contemplaba unha pequena actuación e agora tódalas actuacións previstas se executarán na Casa da Cultura.

Toma a palabra a Sr. Molinos Vidal para sinalar existe o dito de que o home é o único animal que tropeza dúas veces coa mesma pedra, pero vendo a maneira de proceder deste goberno temos que dicir que non se



lles pode atribuir tal cual este dito popular, porque no seu caso os tropezos non son dous senon que tropezan cada vez que teñen ocasión.

Unha vez mais os prazos finais de presentación da documentación requirida polas administracións, neste caso a Deputación Provincial, bótanselle encima e teñen que recurrir a un cambio na data deste Pleno para poder ter un pouquiño mais de marxe de manobra de cara finalizar o procedemento a tempo. Consideramos que é unha actuación completamente imprudente e irresponsable pola súa parte non ser quen de ter planificados os tempos de presentación da aprobación deste proxecto por acordo plenario e demais documentación que requiren as bases do POS adicional 2/2021.

Continua a súa exposición indicando que o prazo para achegar esa documentación finaliza o 1 de outubro, e o alcalde non sabe neste momento se esta proposta se vai aprobar ou non, porque non se molestou en poñer os medios para garantir que así sexa, polo menos non no que se refire ao noso grupo. Se hoxe a súa proposta non sae aprobada, situación perfectamente posible porque semella que vostedes o esqueceron pero gobernan en minoría, estando a maioría deste Pleno precisamente fora do seu grupo, polo que temos sabido que aos outros grupos tampouco. Se é que non se aproba, apenas lles queda tempo para poder remendar a situación e dados os seus antecedentes de lentitude extrema na xestión municipal, non se lles augura moito éxito na solución do problema e se non o fan o resultado da súa temeraria maneira de proceder será que se perderán eses cartos e os veciños non poderán disfrutar do seu uso. Eso non é tan imposible, véxase o exemplo do Concello de Ponteceso que perdeu en xaneiro a asignación do POS e está a piques de perder outra por valor de 300.000 €. É dicir, estas cousas pasan e non tan lexos de nos.

Vostedes saben dende Xuño, a través da circular que lles remiteu a Deputación, que o prazo para presentar estes proxectos que requiren aprobación do Pleno remataba o 1 de outubro. Ou sexa que tiveron tempo dabondo, tratándose ademais dun proxecto que na súa maior parte xa estaba estudado, para poder xestionar o expediente sen necesidade de poñer en perigo esta inversión e de chegar tarde, mal e arrastro, a última hora do prazo de finalización de presentación, coa lingua fora.

E o mais sorprendente de todo é que vostede non parece ter a mais mínima preocupación porque esto suceda.

Créame se lle digo que non nos explicamos como pode sentarse vostede nesa butaca mostrándose tan digno e tan campante cando está xogando desta maneira tan imprudente e irresponsable cos cartos dos veciños de Outes.



A min gustaríame que todo esto que lle acabamos de dicir non lle entrase por un oído e lle saíxe polo outro, como me temo que vai pasar, senon que tomase nota, que fixese caso das críticas constructivas ás que vostede mostra ser completamente impermeable, e lle valesse, cando menos, para mellorar un pouquiño a súa maneira de proceder.

Xa centrándonos na actuación que traen para ser aprobada, chámannos a atención varios aspectos.

No Pleno de Xaneiro foi aprobado o POS complementario 21, do que formaba parte un proxecto no que esta actuación estaba incluída xunto con outra referente a construción dun almacén no Colexio de Conchido. Sabemos que despois desto, redactouse un proxecto correxido que ten data do mes de Abril, gustaríanos saber cal foi a razón pola que vostedes encargaron ese novo proxecto e que finalidade ten o mesmo.

Remata a Sra. Molinos Vidal a súa intervención sinalando que outro dos aspectos aos que antes aludía é que resulta curioso que o orzamento deste novo proxecto que hoxe traen a aprobación coincida céntimo por céntimo, 31.474,29 €, co que se aprobou en Xaneiro e ao que antes facía referencia, porque aínda que actuación referente á mellora do auditorio da Casa de Cultura é a mesma que naquel, a outra actuación de tratamento da fachada non ten nada que ver coa construción do almacén que figuraba no primeiro e parécenos unha gran casualidade que o valor coincida exactamente. Gustaríanos que se hai alguna explicación a esa extraordinaria coincidencia nola fixeran saber.

Toma a palabra a Sra. Suárez Castro, para indicar tería que celebrarse o vindeiro día 30 de setembro e o alcalde tivo que, unha vez mais, tirar de novo da oposición a que califica de demagóxica e resulta que demostra mais responsabilidade que o grupo de goberno. Continúa a súa intervención recordándolle ao Sr. alcalde que está xogando cun investimento do Concello xa que coñecía a data o remate do prazo dende o mes de xuño e aínda así apuraron ata o límite do mesmo. Sinala que ao seu grupo chámalle a atención que moitas das actuacións xa se votaron, polo que non entende en que andivo enredado, aínda que cree que sólo se dedicou a buscar titulares de prensa. Remata a súa exposición sinalando que o alcalde debe traballar polo ben dos veciños, pero parece que non se esforza moito e non debe esquecer que a oposición tamén representa aos veciños.

De seguido toma a palabra o Sr. Caamaño Lestón, voceiro do PSG-PSOE, para sinalar que neste caso ao alcalde sólo lle faltou dicirlle aos veciños que agradece ao resto da Corporación o cambio da data do Pleno. Tamén indica que lle satisface que a Deputación permita solicitar obras por valor de 260.000 euros e que cree que ésta é a mellora forma de financiar as



obras e non tirando do remanente. Remata a súa exposición instandolle ao Sr. alcalde a que se mova mais ante os organismos para conseguir mais inversión, xa que en dous anos non conseguiu nada. Ademais pídlle que cambie a súa actitude ante os mesmos e pon como exemplo o caso no que o alcalde arremete na prensa contra Portos de Galicia e despois vaille pedir novas inversión. Por último, indica que os socialistas de Outes votarán a favor desta inversión.

Toma a palabra o Sr. alcalde para recordar que non é a primeira ocasión que se adianta a data do Pleno e tampouco é a primeira vez que se chega xusto nos prazos e cree que esto se debe a unha dinámica difícil de evitar pola complexidade de moitos procedementos administrativos. Continúa afirmando que éste é un proxecto que xa está aprobado e proposto pola oposición para incluír no POS, polo que non considera necesario falar con ninguén do mesmo. Contéstalle á Sra. Molinos Vidal que a modificación que se fixo do proxecto no mes de abril foi por cuestións técnicas e a requerimento da Deputación, que non existen outras razóns.

De seguido toma a palabra a Sra. Molinos Vidal para replicarlle ao Sr. alcalde que é unha casualidade que custe igual, céntimo por céntimo, lavar e pintar as fachadas da Casa de Cultura que facer un almacén no Colexio, dúas cousas que nada teñen que ver é, si é unha coincidencia é unha curiosa coincidencia. Continúa sinalando que en canto á explicación que se da da modificación do proxecto, cree que o alcalde debería estar mais informado dos proxectos que encarga, porque se hai un proxecto diferente ao aprobado no mes de xaneiro, con data do mes de abril, supónse que o encargarían vostedes, parécelle que se fai así, os proxectos encárgaos o goberno, e vostede non está sabendo decirnos porque encargou ese proxecto nin para qué. O que nos dí dunha modificación técnica non ten que ver con eso, a única modificación que observei foi nos precios unitarios, unha lixeira modificación. Ou sexa, a contestación que vostede da non é correcta penso que vostede debería ter un pouquiño mais na cabeza as cousas que fai, ter na cabeza o goberno do Concello de Outes. Non ten nada que ver a contestación que me dou coa pregunta que lle fixen, creo que debería ter mais coñecemento do que se fai.

Continúa indicando que canto o que di o alcalde de que non considerou necesario falar coa oposición para facer esta proposta porque xa era un proxecto que tiñamos proposto. Se fora o único, pareceríame ben, pero é que non é o único, hai moitos outros proxectos que temos proposto e vostedes decidiron unilateralmente que fora ese. Polo tanto penso que aínda que fora un proxecto que xa estaba aprobado, xunto con outros moitos, ata un 97% que chegou a meter no Plan Complementario para



fardar de moita inversión e de moito facer e de todas esas cousas as que vostede se dedica habitualmente. E claro o Plan Complementario tal e como auguramos nesta humilde banda non chegou a ese 97%, entón quedaron moitos proxectos no tinteiro e non é ese o único. E bueno, podía non ter nada que falar porque era o “noso” proxecto, pero nos non temos un único, temos outros moitos. Creemos que vostede debería consensuar coa oposición eses asuntos para que non se encontren coa sorpresa de que hoxe levantemos a man para votar en contra da súa proposta. Claro, vostede fai o xesto de levantar os hombros porque a vostede todo isto lle da igual.

Toma a palabra a Sr. Suárez Castro para incidir en que había outras opción para non ter que chegar aquí sen sustos, que o alcalde debería consensuar e continúa sinalando que falta responsabilidade no goberno e que quedan menos de dous anos de mandato e sobra improvisación. Remata a súa intervención no debate adiantando que o BNG votará a favor deste investimento por responsabilidade política ante os veciños aínda que o goberno non o merece.

Remata o debate deste punto coa intervención do Sr. alcalde respondéndolle á Sra. Molinos Vidal que este proxecto pudo aprobarse antes no Pleno e non quixeron polo que se tiveron que incluír no POS. Se os aprobaran antes poderíanse facer máis obras a conta do POS. Conclúe indicándolle ao BNG que él, como alcalde, trata de aprender tódolos días.

### **VOTACION**

Rematado o debate procédese a votación, reflectindo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 13 (5 CxO, 5 PP, 2 BNG, 1 PSG-PSOE)

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo tanto, queda aprobado por unanimidade o seguinte

### **ACORDO:**

1.- Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos





financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

<b>Investimentos financeiramente sostibles  2ª Fase POS+ Adicional 2/2021</b>	<b>Financiamento dos investimentos</b>		
	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
MELLORA DA CASA DA CULTURA	26.776,92	4.697,37	31.474,29 €
TOTAL	26.776,92	<b>4.697,37</b>	<b>31.474,29 €</b>

Maior achega provincial asignada ao concello	261.905,34
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	235.128,42
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	26.776,92

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 2/2021, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa



tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

## **EXPTE. 777/2019.- MOCION PSG-PSOE APERTURA PLENOS AO PÚBLICO**

### **DEBATE**

Toma a palabra o Sr. Caamaño Lestón para explicar a moción e procedendo a súa lectura íntegra.

De seguido toma a palabra a voceira do grupo municipal do PP, Sra. Molinos Vidal, para indicar que o seu grupo tamén lle gustaría que aos Plenos puideran acudir as persoas que así o desesaxen porque dese xeito favoreceríase a implicación veciñal na vida municipal e seguro que habería un maior coñecemento dos asuntos que se tratan, favorecendo a transparencia e participación.

Non obstante, non podemos deixar de ter presente que, se ben a situación pandémica mellorou e as medidas vanse suavizando para irnos acercando a tan ansiada normalidade, o certo é que aínda non se está libre de contaxios, así que de calquera maneira que se proceda, débense atender as indicacións das autoridades sanitarias en canto a adopción de medidas para minimizar estes riscos.

De seguido toma a palabra o Sr. Núñez Fernández en representación do BNG, para sinalar que o seu grupo coincide co contido da moción, que é fundamental que nun sistema democrático se favoreza a participación e asistencia aos plenos e non se entende que a data de hoxe se celebren os plenos a porta pechada. Ademais indica que outros eventos xa teñen público como no ámbito da cultura, polo que considera que tomando as medidas sanitarias necesarias, o pleno pódese abri ao público. Remata a súa intervención recordando que un dos primeiros acordos desta lexislatura foi o de montar un sistema de audición de calidade, xa que o que o actual non recolle con exactitude tódalas palabras pronunciadas.

Toma a palabra o Sr. alcalde para que o seu grupo non está de todo dacordo coa moción e que considera que o lugar correcto por Lei é o Salón de



Plenos e que sólo se pode cambiar o lugar de celebración para asuntos puntuais. Recordada ademais, que onte no Parlamento de Galicia permitíose por primeira vez dende o inicio da pandemia a presenza de tódolos deputados e considera que a incorporación do público as sesións plenarias debe facerse pouco a pouco. Por último, no tocante ao sistema de audición, lémbbralles aos demais grupos que xa trouxo a proposta de dotar una partida orzamentaria para esta finalidade e non se aprobou.

De seguido usa o turno de réplica o Sr. Caamaño Lestón que non ten claro que se propuxera dita partida e, de tódolos xeitos, non lle parece unha razón convincente, xa que tamén se rexeitou a compra dun “ferrari” (referíndose a unha máquina cortacésped) e acabou comprando. Remata a súa réplica indicando que canta mais transparencia nos plenos mellora xa que así os veciños poderían ver as formas do alcalde.

Remata o debate coa intervención do Sr. Núñez Fernández para sinalar que o alcalde ten as obsesións moi marcadas e que no tocante as inversións, os veciños saben a verdade e que diñeiro nos orzamentos existe, polo que se non se fixo foi porque non se quixo.

## **VOTACIÓN**

Rematado o debate procédese a votación, reflectindo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 8 (5 PP, 2 BNG, 1 PSG-PSOE)

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 5 CxO

Polo tanto, queda aprobado a seguinte

## **MOCION**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Vemos como as normas e restricións cara o COVID 19 se están a suavizar por dicilo dunha maneira suave. Vemos como nos colexios se volven a masificar aulas, os traballadores volven ao traballo presencial, todo para acercar a vida real a situación anterior á pandemia, eso si, cunhas normas mínimas e de sentido común a cumprir como 1´5 mts entre persoas e mascarilla, bueno o da mascarilla ímolo deixar no sentido común de cada un. Esta situación e máis a vivida neste mesmo pleno o mes pasado, na que se intentou expulsar a este membro da corporación, creemos que de forma apresurada e tamén de malas maneiras por parte do noso alcalde, polo revés sufrido polo equipo de goberno nun dos puntos da súa exposición, repito, ante estas dúas novas situacións e tamén porque algúns veciños e



veciñas así no lo pediron, solicitamos o apoio desta corporación para tomar o seguinte **ACORDO**:

1.- Abrir de novo os plenos ao público en xeral, e pensando na seguridade e sentido común desta corporación e dos veciños e veciñas que poidan e queiran acudir ao mesmo, trasladar os plenos momentaneamente, mentres non exista outra posibilidade, ó salón de actos da casa da cultura, e favorecendo tamén unha vella petición do BNG, poñer en funcionamento un sistema de audición axeitado para estos plenos.

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

### **ROGOS E PREGUNTAS**

#### **1.- PREGUNTAS PENDENTES DO PLENO ANTERIOR**

##### **A) PREGUNTAS DO PLENO ANTERIOR FORMULADAS ORALMENTE POLO P.P.**

##### **1ª PREGUNTA**

No Pleno Ordinario do mes pasado fixémoslle un rogo referente ao estado en que se encontraban moitos contenedores do Concello, desbordados e coa súa contorna sucia, situación que ademais de ser observada por nos tamén nola trasladaron varios veciños de distintos núcleos. Como vemos que a situación non mellorou e o problema persiste, facémoslle as seguintes preguntas:

- ¿Adoptaron algunhas medidas correctoras para solventar o problema?
- En caso de ser así, ¿cales foron esas medidas?

Resposta do Sr. alcalde: Na época estival hai mais habitantes polo que poden producirse acumulacións puntuais, en todo caso intensifícaranse os traballos de recollida.

Replica a Sra. Molinos Vidal, voceira do PP, indicando que, se ben é certo que o verán implica un volumen maior de lixo, o que tamén debería implicar é que esa intensificación sexa tamén maior. Que se intensificase mais a recollida en certos núcleos porque os contenedores é certo que están moi cheos sempre, o que quere dicir que ese suposto aumento na recollida non é suficiente, tócalles facer que sexa suficiente e que os contenedores non se encontren neste estado.

##### **2ª PREGUNTA**



Según o decreto de alcaldía do 17 deste mes, celebrouse un contrato menor cunha empresa suministradora de valados para guarnecer contenedores de basura a instalar en 5 lugares do Concello. (11.298,38 € IVE incluído)

- ¿En que lugares van a ser instalados estes valados? Por certo aproveitamos para decirlles que sería conveniente que, no caso de ser necesario, pidan os permisos preceptivos para colocalos, para que non lles pase coma cos que colocaron na Pontenafonso sen permiso e posteriormente tiveron que ser retirados.

Resposta o Sr. alcalde que está prevista a súa colocación nas parroquias de Roo, en Broña, Santo Ourente e o Freixo e indica que xa levan tres anos instalando este tipo de valados.

Replica a Sra. Molinos Vidal para sinalar que o Sr. alcalde estas de novo a confundir, xa que non levan tres anos facendo esta iniciativa, levan dous anos. Os que se colocaron hai dous anos, foron xestionados hai tres. Foron xestionados polo anterior goberno, do Partido Popular, e vostedes o que fixeron nos dous anos seguintes foi seguir a inercia do goberno do PP para que algo lles funcione, tal e como adoitan facer, seguir a inercia do que antes funcionaba, porque doutra cousa, pouco fan.

## **B) PREGUNTAS DO PLENO ANTERIOR FORMULADAS ORALMENTE POLO PSG-PSOE**

**PREGUNTA 1.** No Pleno do mes novembro do ano 2019 este grupo sacou unha moción adiante para un Concello cardioprotexido apoiada por todos vostedes. Na segunda parte do acordo dicía “ofrecer a formación necesaria a tódolos traballadores dos centros para que poidan usar estes desfibriladores en caso de emerxencia”. Agradecemos que seis meses máis tarde cumpriran o de mercar os aparellos pero imos para dous anos despois que aínda non levaron a cabo a segunda parte da moción. Pensan deixala correr, a ver se non pasa nada? Ou pensan facer algo ao respecto?

Resposta do Sr. alcalde: Colocáronse sen formación previa e considera oportuno dita formación polo que non se descarta realizala nun futuro próximo.

**PREGUNTA 2.** Os meus parabéns polo recoñecemento feito recentemente aos distintos campións e campionas que xa temos no



Concello, magoa non poder asistir por motivos persoais e agradezo ao concelleiro de Deportes habelo mencionado. Que pouco custaba e non vexan vostedes a ilusión deses rapaces e rapazas polo só feito de ser agasaiados polo Concello. Non é hora de medallas aínda para vostedes, xa que, a moción feita polos socialistas de Outes ademais do recoñecemento público dicía crear unhas becas/premios para estes campións cunha contía por determinar polos membros desta corporación para que lle axuden, aínda que sexa só un pouco, nos desprazamentos e gastos que implican acceder a estes campionatos. Pensan vostedes deixalo correr? Ou pensan poñerse de acordo co resto da Corporación e levar a cabo esta parte da moción?

Resposta do concelleiro de Deportes, Sr. Rodríguez Gándara: Estanse elaborando as bases e cando estén listas traeranse ao Pleno.

## **2.- PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO A ESTE PLENO**

### **A) PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO POLO PARTIDO POPULAR**

#### **1ª PREGUNTA**

Vimos no Libro de Decretos ao que temos acceso a través do programa de xestión do Concello que o día 8 deste mes de setembro se celebrou un contrato menor coa empresa SINERGIAS SOSTENIBLES RESIFOREST por valor de 10.305,24 € co título de “Comunicación e sensibilización do proxecto de compostaxe doméstica e comunitaria”.

As nosas preguntas ao respecto son:

**1.-** ¿Cales son e en que consisten, polo miúdo, as actuacións que se farán a tenor deste contrato no marco da comunicación e sensibilización á que fan referencia?

Resposta do Sr. alcalde: as actuacións a realizar son as de comunicación, sensibilización, creación de imaxe corporativa, deseño e impresión de manuais, xornadas de formación no colexio.

**2.-** ¿Cando empezaron estas actuacións, e se non o fixeron aínda, cando o farán?

Resposta do Sr. alcalde: comezaron en xuño, as propostas son de maio.



### 3.- ¿Qué outras empresas presentaron ofertas e por qué valor?

Resposta do Sr. alcalde: Xogos Consulting por 11.997,50 € e Axia polo importe de 10.600,00 €.

De seguido usa o turno de réplica a Sr. Molinos Vidal, voceira do grupo municipal do Partido Popular para sinalar que se as actuacións empezaron en xuño e o contrato fíxose ó 8 de setembro, polo que incídelle ao Sr. alcalde se está seguro deses datos porque de ser así, empezaron os traballos antes da formalización do contrato.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que os datos son correctos, que os contratos menores están para resolver actuacións urxentes, como é este caso.

Remata este punto coa réplica da Sra. Molinos Vidal para mostrar que está abraiada de que se poñan a facer algo antes de ter o contrato asinado e considerar como normal esta forma de proceder.

## 2ª PREGUNTA

Con data 17/06/2021 este Pleno aprobou a adxudicación da actuación “MELLORA ENERXÉTICA DE DIVERSOS ALUMEADOS EXTERIORES DO CONCELLO DE OUTES”. No pleno de maio, preguntámoslle ao goberno por unha reclamación feita por outra empresa que participou no concurso e non resultou adxudicataria.

A día de hoxe non apreciamos ningún movemento no que se refire a esta actuación.

### 1.- ¿En que fase está a execución desa actuación?

Resposta do Sr. alcade: As obras non comenzaron porque un licitador presentou un recurso contra o acordo de adxudicación ante o TACGal baseado en aspectos técnicos sobre a homologación das luminarias. O tribunal resolveu estimando parcialmente o recurso e anulou a adxudicación, polo que agora a Mesa de Contratación debe elaborar unha nova proposta de adxudicación.

### 2.- ¿Ten algo que ver con esta falta de movemento a reclamación á que antes aludíamos e de ser así , cómo inflúe na marcha do proceso?

Resposta do Sr. alcalde: En canto aos prazos de xustificación ante o IDAE solicitouse unha prórroga para a execución dos traballos.

De seguido fai uso do turno de réplica a Sra. Molinos Vidal para sinalar que é unha situación bastante importante e perigosa para os intereses dos veciños de Outes como para que o alcalde a teña ben na cabeza para poder contestala sen necesidade de facer averiguacións documentais para poder



contestala, como así o fixo. Dito esto, non nos queda claro, porque vostede non o explicou, se está paralización por parte do Tribunal Administrativo, paraliza tamén o prazo de finalización da mesma.

A actuación ten un prazo de finalización, vostedes puxeron no Prego de Condicións 10 meses, e finalizan en xaneiro porque todas as empresas fixeron unha mellora de redución de 4 meses; a finalización da obra según as bases do IDAE é en xullo. Polo tanto, se vai a haber algún inconveniente ou imponderable, deses que lle acontecen a vostedes tan a miúdo, e vai haber algún problema para que non se chegue a tempo aos prazos debido a esta paralización, eso non no lo aclarou.

Remata o turno de réplica preguntando se a nova ampliación é distinta da que xa se pedira e recórdalle ao alcalde que debe aclarar este tema.

## **B) PREGUNTAS FORMULADAS POLO BNG**

1ª- Cantos parques infantís pensan clausurar definitivamente e cales? Que parques están pendentes de reposición de maquinaria ou acondicionamento do terreo? Cantas pezas houbo que clausurar temporalmente e cantas pezas/parques seguen clausurados?

Resposta do Sr. alcalde: Clausuráronse os parques da Moa, Requeixo e do pavillón do Cruceiro. Estanse a executar as actuacións pendentes o da Rúa da Cruz e o de Pontenafonso.

2ª.- A situación sanitaria está no seu mellor momento dende o comezo da pandemia cunha campaña de vacinación practicamente conclusa e unha incidencia baixa e, no caso de Outes, sen casos. Por que motivo non se permite aínda o libre acceso ás instalacións deportivas do Cunchido? Cando se vai retirar esta restrición? Non creen que isto conlevou aglomeracións noutros equipamentos máis pequenos do concello?

Resposta do Sr. Rodríguez Gándara, concelleiro de deportes: Temos experiencias previas que nos indican que hai que ser cautos. En canto á pista anexa ao pavillón funciona con sistema de cita previa a petición dos usuarios. Cando os protocolos de Sanidade o permitan irase ampliando os aforos.

Replica o Sr. Núñez Fernández, concelleiro do BNG que a xente tivo a súa ocasión de vacinarse e sinala que o campo de fútbol é grande e pon como exemplo que a pista polideportiva de Santo Ourente tivo moita xente polas restricións do Conchido.

3ª.- -Fai dous meses preguntámoslles sobre o custo para as arcas municipais dos gastos que conlevan as dúas prazas de autocaravanas de Broña, naquel momento indicáronnos que non tiñan aínda datos. Volvemos





a preguntar, a canto ascenderon os primeiros recibos de gastos destas prazas?

Resposta do Sr. alcalde: Non temos forma de saber o seu custo xa que o servizo é gratuito e non existen contadores.

Replica o Sr. Núñez Fernández que é un servizo de mobilidade de transporte privado e o Concello ten que saber o que se está gastando.

4ª.- A rúa da Capela leva aberta ao público dende fai máis de un mes. Os postes de telefónica seguen no mesmo sitio. Isto constitúe un perigo enorme para os viandantes e veciños da rúa. Que trámites fixo o goberno dende que se abriu a rúa para solventar esta situación? Cando calculan que se retirarán? Por que non se tomou ningunha medida de seguridade, pensan tomala nalgún momento?

Resposta do Sr. alcalde: Solicitouse a Fenosa e Telefónica o retranqueo de maneira urxente e esta semana xa están traballando. De tódolos xeitos seguirase insistindo e pódense poner valados.

5ª.- A ponte que une Rodeiro con San Lourenzo está nunha situación lamentable, dudamos moito que aguante outro inverno. Pensan actuar ou esperan a que as ríadas os obriguen?

Resposta do Sr. alcalde: Renováronse as varandas, vaise executar no POS/20, xa temos proxecto para mellora dos cimentos e intentarase incluír no POS.

6ª.- Retiraron as escaleiras do Alban. Agora temos un desmonte con catro pedras mal colocadas e unhas barandas con uns endebles paus. Pero atrévese a vendelo como algo moito máis seguro. Molestáronse en ir comprobar a actuación? Máis alá de sacar unhas fotos.

Resposta do Sr. alcalde: A actuación está rematada e con ela elimínouse un perigo importante, non son barandas endebles, son barreiras integradas na paisaxe e evitan perigos a xente que pase por alí. O alcalde foi por ali a miúdo.

7ª.- No núcleo de Vilardigo e a Toxeira urxe a pavimentación. Xa llo trasladamos a comezos deste ano a través dun rogo. Cando pensan darlle solución?

Resposta do Sr. alcalde: Necesitan actuacións igual que outros moitos núcleos, valóranse tódalas necesidades e establécense prioridades.



8ª.- Son moitas as queixas que nos trasladan dende Bendimón pola situación lamentable na que se atopa, falta de desbroce e limpeza e mesmo cheiros por vertidos de augas fecais. Qué solución lle van dar e cando?

Resposta do Sr. alcalde: os tractores están traballando pero somos conscientes de que os recursos son limitados, no verán crece a maleza e poden existir este tipo de problemas. No tocante aos cheiros, que son recurrentes, estase a proceder á limpeza dos pozos de bombeo esta mesma semana.

9ª.- En todo o verán non foron capaces de adecentar e limpar as zonas comúns do concello. Hai que resaltar a que temos en Cando de Abaixo que a día de hoxe é un perigo para a circulación e para os rapaces que utilizan esa parada de autobús pola falta de visibilidade. Tampouco procederon nos entornos dos centros sociais. Cal foi o motivo deste abandono?

Resposta do Sr. alcalde: as necesidades son moitas e os recursos limitados e priorizouse a limpeza de acceso a núcleos, na vindeiras semanas procederase a realizar as limpeza citadas na pregunta.

10ª.- No esteiro do Tambre vértense todas as augas fecais da Ponte, Villardigo e Toxeira, en plena rede natura. Cando pensa vostede dotar de un saneamento real coa súa correspondente depuradora?

Resposta do Sr. alcalde: Estase a redactar o proxecto da EDAR das localidades xa que a existente non cumpre a súa función.

11ª.- Sobre este mesmo tema, levamos agardando dous anos a que nos entreguen, tan sequera, un esbozo do plan de saneamento integral que foi aprobado neste pleno a instancias do BNG. En que estado se atopa o desenvolvemento deste estudo? Por que aínda non tivemos acceso a ningún documento? Cando pensan pasarnos a documentación?

Resposta do Sr. alcalde: Estase a traballar no sistema de saneamento, a EDAR de Cando xa está arranxada e tamén se vai acometer a mellora da EDAR da Serra xa que esta o proxecto en fase de licitación. De tódolos xeitos estase a traballar en dito plan integral e cando esté listo darase a coñecer.

12ª.- A asociación Amigos do camiño de Santiago ven de denunciar o perigo para os viandantes no traxecto dende a ponte Nafonso a Seilán, feito que este grupo xa denunciou no seu día . Fixo vostede algunha xestión o respecto para mellorar esta situación?



Resposta do Sr. alcalde: Comunicóuselle á Xunta de Galicia este problema e demandóuselle que faga sendas peonís xa que é a responsable desa vía.

13ª.- Según declaracións súas parece estar de acordo co "atentado patrimonial" na reforma da ponte Nafonso. Coñece vostede o proxecto? Parecelle que engadir uns "elementos" postes de pedra anexados ós tallamares é unha boa solución polo simple feito de non retirar as tubaxes das líneas de telefonía? Despois de dous anos de mandato que foi o que fixo vostede para defender o noso patrimonio e intereses veciñais?

Resposta do Sr. alcalde: Este proxecto executao a Xunta de Galicia e partimos da boa fe dos técnicos que supervisan os traballos e que o fan o mellor posible, vai quedar mellor do que estaba e se o BNG considera que non se está a facer ben poden acudir ao Parlamento de Galicia.

A Sra. Suárez Castro mostra a súa disconformidade coa resposta e, tras un intenso intercambio de argumentos co Sr. alcalde, éste realiza dúas chamadas á orde á Sra. Suárez Castro e despois da terceira chamada, proceda á expulsión da sesión á antedita concelleira.

14ª.- -Son vostedes coñecedores do estado lamentable da piscina? Cómo pode faltar agua quente durante case dúas semanas? Son conscientes de que a falta de melloras e unha programación axeitada e planificada en tempo forma evitaría a perda de usuarios? Teñen vostedes a intención de privatizar os servizos destas instalacións? Cal é o traballo que está realizando o concelleiro de deportes? Cómo xustifican o feito de que a maioría ou todas as actividades deportivas do noso concello dependan das directivas dos distintos clubs? Cómo xustifican que a maioría dos nosos clubs non aparezan no listado das axudas que concede a diputación?

Resposta do Sr. Rodríguez Gándara, concelleiro de deportes: Somos conscientes do estado das instalacións da piscina municipal pero os subministro dos materiais necesarios para as reparacións están sufrindo retrasos. Non hai ningunha intención de privatizar o servizo. Estamos orgullosos da labor que realizan os distintos clubs e entidades. As subvencións da Deputación non son da nosa competencia.

### **3) PREGUNTAS ORAIS FORMULADAS NESTA SESIÓN**

#### **A) PREGUNTAS FORMULADAS POLO PARTIDO POPULAR**

##### **1ª PREGUNTA**

A pesar de que vostede manifestou en diversas ocasións ante os medios de comunicación que os Obradoiros de Emprego promovidos pola Xunta en colaboración cos concellos son unha magnífica ocasión para que veciños do Concello teñan a oportunidade de formarse en distintas materias para



acceder con mais facilidade ao mercado laboral, vemos que o goberno non solicitou ningún obradoiro na convocatoria 2021-2022.

**1.-** *¿Cales son as razóns polas que non se fixo esa solicitude, que lle daría a oportunidade a veciños de Outes de formarse teórica e practicamente durante a duración do Obradoiro con contrato laboral e cotización, para que posteriormente puidesen acceder a un posto de traballo con mais facilidade?*

## **2ª PREGUNTA**

Varios veciños fixéronnos chegar as súas queixas en relación a que na recollida de entradas para asistir as actuacións incluídas no Outono Teatral, únicamente se proporcionan dúas entradas por persoa, podendo darse o caso, por exemplo, que en familias que teñan dous fillos pequenos so terían dúas entradas e faltaríalles unha terceira para poder acompañalos, ou peor aínda se tiveran mais fillos, tendo só dúas entradas, ademais de faltarlles a terceira deberían elixir a cal deles deixaban na casa. As nosas preguntas son:

**1.-** *¿Esto que acabamos de expoñer é realmente así, e de selo cal é a razón para seguir este criterio?*

**2.-** *De todas formas, ¿cal é o protocolo exacto do reparto das entradas?*

## **3ª PREGUNTA**

O ano pasado Outes acolleu a Mostra de curtametraxes “Mares da fin Mundo”, polo que sabemos este ano repetirase esa iniciativa.

No cartel do ano pasado figuraba como organizador o Concello de Outes e a Deputación Provincial como patronizador, neste ano figura de novo o Concello como organizador pero neste caso a Deputación figura como “apoiio”.

**1.-** *¿De que maneira apoia a Deputación Provincial á iniciativa nesta edición?*

**2.-** *¿Con que orzamento conta este programa, canto lle vai custar as arcas municipais a súa celebración e que axudas económicas vai recibir doutras administracións?*

## **B) PREGUNTAS FORMULADAS POLO PSOE**

**1ª.-** No pleno do mes de maio de 2021 aprobouse a moción para reparar elementos en mal estado dos parques. Tamén se aprobou o crédito para o arranxo do parque da Cruz e de Pontenafonso, pero a data de hoxe non están arranxados nin pechados, o parque da Cruz non ten ningunha cinta.



Pensa o equipo de goberno deixar estes parques abertos para que ocorra outra desgraza?

2ª.- O día 19 deste mes na final do trofeo de fútbol e a parede de entra ao campo segue igual e ese día había público. Pensan amañar este muro no Nadal ou cante remate a tempada?.

## **ROGOS**

### **A) ROGOS FORMULADOS POLO PARTIDO POPULAR**

#### **1º ROGO**

O firme da pista que vai de Bendimón á Canteiriña encóntrase nun estado calamitoso. Pódese decir que está invadida polos baches na casi totalidade da súa traza, poñendo en perigo a integridade dos vehículos que circulan por ela.

Rogámoslle ao goberno que arranxen a situación.

#### **2º ROGO**

Subindo de Brión de Abaixo cara Brión de Arriba, a 2ª pista a dereita que desemboca na carretera de Cambeiro, na primeira parte faise cada vez mais estreita pola maleza que a invade de cada beira e está nacente no mesmo firme, e na segunda parte ademais da maleza está chea de fochancas.

Pedímoslle ao Goberno Municipal que lle dea solución.

#### **3º ROGO**

As actas escritas dos Plenos seguen sin ser colgadas na pestaña de transparencia da pax web do Concello dende o pasado mes de xaneiro, rogámoslle que procedan a solucionar este asunto.

Así mesmo tamén lle pedimos que colguen as actas da X.G.L con mais celeridade tanto na web do Concello como en Xestiona para que se as decisións tomadas non tarden tanto ser coñecidas. A última colgada en Xestiona é do 6 de xullo e se non me fallan as contas dende aquela xa se celebraron 5 X.G.L. sin contar ca de hoxe, e non sabemos nada nin dos asuntos tratados nin dos acordos tomados.

Parécenos que con esta maneira de proceder, o autoproclamado goberno mais transparente da historia de Outes non fai honor ao seu pretendido título.

#### **4º ROGO**

A pesar das reiteradas peticións deste grupo, vímosllo recordando durante 9 plenos consecutivos, o vial que vai de Entíns a Fontenlos sigue sen ser adecentado. A estas alturas xa semella que se pode concluir que non



queren facer nada ao respecto. A nosa obriga é seguir reclamándollo e así o faremos, a súa obriga é poñerlle remedio, a ver se son que de cumprir co que lles corresponde, porque se non dan feito algo tan sinxelo como esto, algo está fallando na atención cotidiá que lle merecen os veciños e que vostedes lles teñen que prestar.

Rogámoslle por décima vez que se adecente o vial que vai de Entíns a Fontenlos.

## **5º ROGO**

Este rogo ten que ver coa pregunta feita sobre o reparto de entradas para o Outono Teatral. Como xa nos imáxinabamos a pesar de poder facelo, o goberno municipal non nos contestou á pregunta neste mesmo pleno. Polo que lle rogamos que aínda que nos contesten dentro de un mes, lle dean xa unha volta ao protocolo de reparto e faciliten as familias a asistencia as actuacións.

## **B) ROGOS FORMULADOS POLA B.N.G.**

1º.- O Sr. Núñez Fernández roga que non se teña tanta presa en rematar as sesións plenarias e que se tomen en serio estos organismos.

## **C) ROGOS FORMULADOS POLO PSOE**

### **1º ROGO**

Nas obras da Penseira parece que un camión de alto tonelaxe desfixo o pavimento. Rógase que se acheguen ata alí e tomen as medidas oportunas para a súa reparación.

### **2º ROGO**

Rógase que se arranxe a rampa que está diante do Centro de Dia e que estuden unha solución antes do inverno.

### **3º ROGO**

No Centro de Dia están a caer pingueiras na zona que o transporte deixa aos usuarios. Rógase que se resolva canto antes.

### **4º ROGO**

Rógase que se acheguen ata Lestaio e miren a zona onde baixa toda a auga. O Sr. Caamaño Lestón ofrécese a posibilidade de acompañar ao Sr. alcalde a zona para a súa comprobación.



*Non habendo mais asuntos, o Sr. alcalde declara o remate da sesión, no lugar e data citados no encabezamento, sendo ás 20:00 horas, do que eu, como secretario, dou fe.*

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

